

PRESENTACIÓN COMPOSTELA CARPA CABARÉ

Interveñen María Polo, María Manero, Carla de Figueredo, Nelson Quinteiro, Uxía Vázquez, Vera López, Inés Alcalá e a St James Street Band.

Damas e cabaleiros, madames et monsieres, ladies and gentleman.

Fai cen anos unha corrente bañaba Europa. A bonaza económica e o reparto colonial posibilitaron a creación en torno ó arte polo arte, a ciencia, a tecnoloxía e os descubrimentos.

Chamáronlle a Belle Epòque, o certo é que os anos que precederon á Grande Guerra de 1914, foron celebrados como os anos dourados da ciencia e das artes.

As Exposicións mundiais de París de [1889](#) e de [1900](#) son os símbolos da Belle Époque, pola súa insistencia na promoción do progreso científico e por atraer a atención a nivel realmente mundial. Tamén lle chamaron REVOLUCIÓN BOHEMIA.

Os fillos desta revolución eran todos aqueles artistas que creían na verdade, o dicir todo co seu porte e non enganarse en mentiras; a beleza...o apreciar todo o belo como unha arte, a liberdade...o facer e desfacer da súa vida como quixeran e o amor..."aquilo que te eleva á túa esencia".

Os fillos galegos desta revolución, fai hoxe exactamente cen anos quixeron presentar aquí en Compostela as vontades e progresos da ciencia, da tecnoloxía e das artes.

Para iso crearon a Feira Rexional Galega de 1909, unha feira de mostras na que esta mesma alameda foi cuberta de edificios e pabillóns de corte modernista, o estilo que reunía as cualidades desta auténtica revolución ao conxugar funcionalidade, beleza, decoración e novos materiais.

A bonanza era tal que até a arquitectura era efímera, e daqueles pavillóns só nos queda na lembranza do Pabillón de Recreo Artístico e Cultural, do arquitecto Antonio Palacios.

Hoxe, damas e cabeiros, 100 anos despois, o Excmo Concello de Santiago de Compostela ten a ben lembrar esta efeméride coa instalación dun pabillón, unha carpa para o lecer, o disfrute e se cabe o desperreche que tamén caracterizou a aqueles anos tolos, a **Compostela Carpa Cabaré**, para que durante os 4 días que van vir chegar vivamos por un momento coa evocación destes novos artistas radicais e libres da nova revolución bohemia que estamos a vivir neste momento en torno ao novo cabaré.

Tal día coma hoxe, fai cen anos Alfonso XIII pisaba esta mesma alameda para inaugurar aquela feira de 1909 pola que Galicia e Santiago de Compostela entraba por fin no Século XX e na modernidade!

Pola beleza... VIVA A BELEZA... VIVA TODO O BELO, QUE É ARTE, VIVA A LIBERDADE, VIVA O AMOR, QUE NOS ELEVA Á NOSA ESENCIA SUBLIME!

E aínda que desta vez non ergamos pabillóns queremos deixar o pabillón ben alto...

Polas sete marabillas que dis que ten a nosa terra, recibamos ó noso coro, as cabareteiras da Compañía Femme Fatale.

Pola nosa arte, que tamén é Patrimonio da Humanidade recibamos á banda St James Street Band para que volva a sonar na rúa a alegre música daquelas épocas tan belas!

Pola Belle Epòque! Pola Revolución Bohemia! Pola Feira Rexional Galega de 1909, por aqueles anos dourados!

Damas e cabaleiros

COMEZA O ESPECTÁCULO!!!